



Bases dos Premios á **Transferencia de Tecnoloxía** en Galicia 2025

 Bases simplificadas

 Presentación telemática

A axeitada transferencia de coñecemento procedente dos organismos de investigación ao tecido produtivo está considerada unha estratexia prioritaria a nivel global para incrementar o desenvolvemento socioeconómico de calquera territorio. No caso de Galicia, estes procesos veñen sendo impulsados con resultados que cómpre recoñecer a través de casos de éxito que sexan difundidos á cidadanía e sirvan como referencia inspiradora para persoal investigador e empresas.

2 PREMIOS

Premio “Francisco Guitián Ojea” a un traballo de investigación aplicada

Premio “Fernando Calvet Prats” a un caso de éxito de transferencia de tecnoloxía dun grupo de investigación a unha empresa.

PRAZO ABERTO

Do **1 de marzo** ata o **30 de abril**



Bases dos Premios á Transferencia de Tecnoloxía en Galicia 2025

6.- XURADO

O xurado estará presidido polo Presidente da RAGC ou a persoa na que delegue e contará con seis vogalías: dúas a proposta da Axencia Galega de Innovación, dúas a proposta da RAGC, unha a proposta do IGAPE e unha a proposta da Confederación de Empresarios de Galicia. Ocupará a secretaría unha das persoas que ostente unha das vogalías propostas pola RAGC.

Para a súa constitución válida, o xurado haberá de contar, como mínimo, con cinco dos seus membros. O xurado poderá declarar deserto calquera dos premios. O fallo do xurado será inapelable.

7.- OUTRAS OBSERVACIÓNS

As candidaturas presentadas poderán participar nas dúas convocatorias seguintes, solicitándoo no formulario electrónico.

Quen gañe os premios autoriza expresamente á Real Academia Galega de Ciencias a publicar e divulgar os seus nomes e os contidos das súas propostas a partir do momento de facerse público o fallo.

Aplicaranse aos premios as retencións que, se é o caso, estean previstas na vixente norma tributaria.

O feito de concursar supón a aceptación das presentes bases e serán excluídas as candidaturas que non se axusten ás mesmas.

